

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 16 de novembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,00 horas do día dezaseis de novembro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1463).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 2.11, extr. urx. 5.11. e ordinaria do 9 de novembro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1464).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ARJONES POLOS SERVIZOS DE REPORTAXES FOTOGRÁFICOS DAS OBRAS DO PALACIO DE CONGRESOS. EXPTE. 9068/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., do 5.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 29.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 2.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

En consecuencia, previo informe de Intervención Xeral de existencia de consignación orzamentaria correspondente, solicítase da Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar a nulidade da prestación realizada consistente no servizos gastos de reportaxes fotográficos das obras do Palacio de Congresos, realizadas por Arjones co cif B-36896389.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Arjones, co cif B-36896389, polas contías que deseguido sementan:

PARTIDA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
912.0.226.01.01(Rec.Extr facturas Arjones	001/2010	15/01/10	2.090,32 €	Reportaxe fotográfico obras palacio de congresos
912.0.226.01.01(Rec.Extr facturas Arjones)	002/2010	09/02/10	773,72 €	Reportaxe fotográfico obras palacio de congresos

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor de Arjones co cif B-36896389. por importe de 2.864,04€, conxunte coas facturas arriba expresadas e con cargo a partida 912.0.226.01.01 “Rec.Ext.Crd. Gastos de reportaxes fotográficos das obras do Palacio de Congresos realizadas por Arjones.

3(1465).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1956/01, 2656/15.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-propostas do xefe de Área de Benestar Social, do 6 e 9.11.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Pilar Furelos Costoya. Expte.1956/01.
- D^a Mercedes Estevez Gacio. Expte. 2656/15.

4(1466).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L., POLA XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA TRADICIONAL. EXPTE. 14307/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de servizo de Educación, do 10.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Educación, e co informe do Interventor Xeral, do 30.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa **GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. (B-36576049)**, por importe de **18.629,89 (DEZAOITO MIL SEISCENTOS VINTENOVE CON OITENTA E NOVE) EUROS**, pola xestión da Escola de Música Tradicional (E-Trad) durante o mes de setembro de 2012, cargo á partida presupostaria 3210 2279918 Escola de Música Tradicional e bolsa de vinculación do vixente presuposto municipal.

5(1467).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9117/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 1.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 7.11.2012, con formado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración, con CIF: G27708379.
2. Autorizar o gasto de 23.712,00 € €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

6(1468).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASETRANPO-ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO DE MERCANCÍAS DE PONTEVEDRA. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9104/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 19.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 1.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 7.11.2012, con formado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a ASETRANSPO- ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE TRANSPORTE PUBLICO DE MERCANCIAS DE PONTEVEDRA, con CIF: G36627719.

2.- Autorizar o gasto de 2.250,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

3.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

7(1469).- AUTORIZACIÓN PARA A MELLORA DA REDE DE PLUVIAIS NO CAMIÑO DA TRAÍDA EN CIDADELLE, CHAPELA-REDONDELA. EXPTE. 1603/440.

Retirado da Orde do Dia

8(1470).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., POLAS OBRAS DE "ACABADOS SUPERFICIAIS EN PEDRA NATURAL DA TAPA DO APARCAMENTO DA AVDA. DE CASTELAO". EXPTE. 1569/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Fomento, do 11.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe do asesor xurídico da área, do 30.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 2.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar as facturas que a continuación se indican:

- Fra. 01-11, de data 31 de xaneiro de 2011 por importe de 44.655,73 Euros (IVE engadido), presentada pola mercantil Cocheras Olívicas de Puentes, S.A. correspondente á certificación final das obras de "*Acabados superficiais en pedra natural da tapa do Aparcamento da Rúa Jenaro de La Fuente*".
- Fra. 02-11, de data 31 de xaneiro de 2011 por importe de 21.976,15 Euros (IVE engadido), presentada pola mercantil Cocheras Olívicas de Puentes, S.A. correspondente á certificación final das obras de "*Acabados superficiais en pedra natural da tapa do Aparcamento da Avda. Castelao*".

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de créditos a favor Cocheras Olívicas de Puentes, S.A.. por importe de 66.631,88 € (IVE engadido).

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil Cocheras Olívicas de Puentes, S.A. por un importe de 66.631,88 € (IVE engadido), imputable á aplicación

orxamentaria 1550.619.00.99 "REC. EXT. CRED. COCHERAS OLIVICAS, S.A. APARCAMIENTOS

9(1471).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EMPRO, POLAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CORUXO. EXPTE. 1538/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Fomento, do 26.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 2.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura nº 0108/2011 de data 19 de decembro de 2011 presentada no Rexistro Xeral pola mercantil EMPRO. con data 20 de decembro de 2011, correspondente as Actuacións complementarias para a finalización das obras de ampliación da rede de saneamento na parroquia de Coruxo e por importe de 4.338,97 Euros, máis 781.01 Euros de IVE, o que fai un total de 5.119,98 Euros.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de EMPRO. por un importe de 5.119,98 Euros (IVE engadido).

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil EMPRO por un importe de 5.119,98 Euros (IVE engadido), imputable á aplicación orxamentaria 1610.609.00.04"Rec. Ext. Cred. SANEAMENTO CORUXO. EMPRO".

10(1472).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ENMACOSA, S.A., Ó NON OCASIONAR DANOS POLA REALIZACIÓN DUNHAS SONDAXES NAS RÚAS VICENTE RISCO E AVDA. DE MADRID. EXPTE. 67475/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 12.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 398,00 € (trescentos noventa e oito euros) a favor de Enmacosa, S.A.

11(1473).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE PROMOCIONES URBANAS LAXAS, S.L. , Ó NON OCASIONAR DANOS POLA REALIZACIÓN DUNHA CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA RÚA VELÁZQUEZ MORENO, 36. EXPTE. 66869/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 12.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución das fianzas de 3.000,00 € (tres mil euros) e 32,80 € (trinta e dous con oitenta euros) a favor de Promociones Urbanas Laxas, S.L.

12(1474).- DAR CONTA DO INFORME DE SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO A 31.10.2012. EXPTE. 23/142.

Dáse conta do informe de seguimento do cumprimento da Regra de Gasto a 31.10.2012, do Interventor Xeral de data 6.11.2012, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda:

Cálculo da Regra de Gasto e Teito de Gasto

Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no artigo 12 e 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais.

Deducións a facer sobre as obrigas recoñecidas do ano 2012, como límite de gasto non financeiro para o ano 2012 para verificar si se cumpriu o teito de gasto.

1.- Obrigas do Capítulo III do estado de gastos

2.- No capítulo I, II, IV e VI do estado de gastos, deduciranse todas aquelas obrigas recoñecidas que teñan financiamento específico e finalista doutras administracións (Xunta, UE, Administración do Estado).

3.- Deduciranse as transferencias feitas con cargo ao orzamento de gastos a favor doutras administracións.

Para facer o cálculo do apartado 2.-,comprobaranse as xeracións de créditos no estado de gastos e as obrigas executadas con cargo as mesmas, serán estas as que se teñan en conta aos efectos de dedución.

O cálculo será o seguinte:

Σ oblig. capítulos I a VII-III-gastos financiados con fondos finalistas doutras administracións-transf. feitas a outras admons

Orzamento ano 2011 ONF en cifras consolidadas.

Taboa 1

Capítulos I a VII	Ajustes ou Deducciones
--------------------------	-------------------------------

Total Orzamento aprobado ONF 213.592.891,10		
	Financiamento finalista Estado	2.105.343,00
	Financiamento finalista CA	2.629.847,02
	Gastos financeiros	1.072.778,41
	Convenio COTOP, infraestruturas	2.160.000,00
	Total Deducións	7.967.968,43
Orzamento axustado		205.624.922,70

Orzamento ano 2012 ONF en cifras consolidadas.

Taboa 2

Capítulos I a VII		Axustes ou Deducións	
Total Orzamento aprobado ONF	207.349.801,67		
		Financiamento finalista Estado	2.138.455,00
		Financiamento finalista C.A	2.580.062,96
		Gastos financeiros	1.855.955,77
		Convenio Inf. Conv. Zona Franca de Vigo	571.918,64
	207.349.801,67	Total Deducións	7.146.392,37
Orzamento axustado			200.203.409,30

Para calcular as obrigas máximas para o ano 2012, estarase ao seguinte:

Orzamento axustado 2011 x 1,0323* (variación máxima do gasto para o ano 2012).

Obrigas máximas axustadas para o ano 2012: 205.624.922,70 (taboa 1, P. ano 2011) x 1,0323 =212.266.607,7 euros.

Σ oblig. capítulos I a VII-III-gastos financiados con fondos finalistas doutras administracións-transf. feitas a outras admns ≤ a 212.266.607,7 euros

Coa finalidade de levar un control mensual sobre o cumprimento do teito de gasto, informase a XGL sobre as obrigas recoñecidas non financeiras nos estados consolidados a data 31/08/2012 e as previsións ata finais de ano

Capítulos I a VII		Axustes ou Deducións			
Obrigas recoñecidas	Contía	Axente financiador	Concepto	Nº Modificación	Contía obrigas
ONF a 31/10/2012	156.402.056,69	Ad. Central	Subv. Ao transporte urbano	Presup.inicial	2.105.343,00
		Ad. Central	Plan Avanza	Presup.inicial	25.205,00
		Ad. Central	Convenio Instituto Mujer	Presup.inicial	33.000,00
		Ad. Central	Transferencia ao CZFV	Presup. inicial	571.918,64
		Ad. Local	Trasfer. E.Menor Bembrive	Presup. inicial	263.347,12
		Ad. Local	Transferencia a MAIV	Presup. inicial	203.004,29
		Ad. Autonómica	Serv. Axuda fogar (SAD)	Presup.inicial	1.704.166,00
		Ad. Autonómica	Axuda Drogodependencia	Presup.inicial	584.215,96
		Ad. Autonómica	Subvención P. Congresos	Inc.Remanentes	3.037.291,46
		Ad. Autonómica	Plan Competitividade	Inc.Remanentes	238.759,70
		Ad.Autonómica XU	Subvención.Casco Vello,F10,11	Inc. Remanentes	151.955,63
		Ad.Autonómica XU	Subvención Bouzas, F5,6	Inc. Remanentes	112.296,24
		Ad. Autonómica XU	Urbanizacións,CV 11. Bou, 6	04/12/12	,00
		Ad. Autonómica	Apoio a Cidadanía	10/12/12	204.089,02
		Ad. Central	Programa prev. Ocio altern	18/12/12	104.146,47
		Ad. Autonómica	Imos traballar II	6, 6A/12	111.057,51
		UE	Interreg IVC	19/12/12	10.119,58
		Ad. Autonómica	Programas de emprego	4/12	76.611,41
		Ad. Autonómica	Axentes TIC	1/12	15.923,44
		UE	Proxecto Enfo	5/12	26.580,30
		Ad. Central	Eurotaxis	7/12	,00
		Ad. Autonómica	P.Competitividade turística	25/12, 29/12	105.596,35
		Ad.Central	Aerogeneradores	8/12	3.455,24
		Ad. Autonómica	Axudas a mercados	20/12	17.405,60
		Ad.Central	Auditorías enerxéticas	28/12	19.280,61
		Ad. Autonómica	Promoción da L. galega	32/12	,00
		Ad. Autonómica	AD-6, Abeleira Menéndez	60/12	,00
		Ad. Autonómica	Mellora zonas rurais	63/12	,00
		Ad. Autonómica	Orienta. Profesional emprego	73/12	,00
		Ad. Autonómica	Promoción e igualdade	76/12	40.708,58
		Ad. Autonómica	Aseso.formación inmigrantes	77/12	9.121,08
		Gastos financeiros			798.917,65

Total Obrigas NF	156.402.056,69	Total deduccións	10.573.515,88
Teito de gasto executado			145.828.540,80
Diferencia			66.438.066,89

Gasto aproximado pendiente de execución, calculado tendo en conta as % medias dos últimos anos, facendo redondeo:

Capítulo I,	14,9 millóns
Capítulo II,	31,8 millóns
Capítulo IV,	5,6 millóns
Capítulos VI,	10,2 millóns
Capítulo VII,	1,6 millóns
Total	64,1 millóns

Axustes previstos adicionais a baixa: 0,7 millóns (convenios de emprego, Xerencia de urbanismo axudas a rehabilitación e execución das obras de infraestructuras convenio IGVS e Ministerio vivenda)

Gasto Non Financeiro axustado previsto ata finais de ano 63,4 millóns

Gasto total previsto axustado 209.228.540,8 euros

Diferencia ata o teito de gasto máximo 3.038.066,90 euros

Nos primeiros 15 días de cada mes, darase conta da evolución do gasto non financeiro aos efectos do cumprimento da LOEPSF.

*Datos obtidos do programa de estabilidade orzamentaria 2011-2014

Anos	PIB real %	PIB previsto %	Media %
2006	4		
2007	3,6		
2008	0,9		
2009	-3,7		
2010	-0,1		
2011		1,3	
2012		2,3	
2013		2,4	
2014		2,6	
	4,7	8,6	
Media de variación deflactada			1,48
Taxa anual de inflación			1,75
Variación dos empregos non financeiros			3,23

Variables a cumprir para o ano 2013

OBXECTIVO	ANOS		
	2013	2014	2015
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiación (Estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%
Deuda Pública para o Conxunto de Entidades Locales	3,8%	3,8%	3,8%
Deuda Pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Tasa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,7%	1,7%	2,0%

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

13(1475).- DEIXAR SEN EFECTO PARCIALMENTE O GASTO AUTORIZADO E COMPROMETIDO DO PROGRAMA “CAMIÑO A CAMIÑO E OUTROS”. EXPTE. 8327/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente, do 2.11.2012, conformada pola concelleira delegada da área, e co fiscalizado de conformidade polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Considerar cumprido e a satisfacción para ámbalas dúas partes o contrato menor de servizos para o transporte terrestre do traslado dos participantes a cada unha das rutas medioambientais por Vigo e bisbarra, aprobado por resolución da concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude o 17 de febreiro de 2012, aprobado en execución do programa Camiño a Camiño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de febreiro de 2012.

SEGUNDO: Deixar sen efecto parcialmente o gasto autorizado e comprometido a que se refire o documento económico RCM nº 201200009243 da partida orzamentaria 1720.227.99.08 “Programa Camiño a Camiño e outros” polo importe parcial de 1.000,00 euros que non resultou preciso para a execución do programa e contrato.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para que se execute a liberación do crédito, e a entidade Autna, SL.

14(1476).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE INSTALACIÓN DE BANCOS EN ZONAS VERDES E PARQUES INFANTÍS. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 6697/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Parques e Xardíns, do 6.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 5.11.2012, e co informe da

técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 7.11.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Aproba-lo gasto de 31.980 euros para a contratación do subministro e instalación de bancos en zonas verdes e parques infantís que se imputará á partida 1710.609.00.00 e a súa bolsa de vinculación quedando manifesto que o seu emprego non afecta ao normal funcionamento do servizo.

2º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento de negociado sen publicidade da subministración e instalación de bancos en zonas verdes e parques infantís que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de data 11/09/2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento de negociado sen publicidade de data 5/11/2012

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas al menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

15(1477).- ACORDO DE COOPERACIÓN FORMATIVA ENTRE A UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO) E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUÍDAS NOS CURSOS AFD (ACCIÓNES FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS). EXPTE. 1507/334.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Normalización Lingüística, do 5.11.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do letrado, do 2.11.2012, conformado pola Titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o "Acordo de cooperación formativa entre a Unión Sindical Obrera e o Concello de Vigo para a realización de prácticas profesionais non laborais incluídas nos cursos AFD (accións formativas para desempregados)".

ACORDO DE COOPERACIÓN FORMATIVA ENTRE A UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO) E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUÍDAS NOS CURSOS AFD (Accións Formativas para Desempregados)

En Vigo, na Casa do Concello, o día----- reúnense
Dunha banda, D. José Manuel Fernández Pérez, concelleiro delegado de Normalización Lingüística, en representación do Concello de Vigo, con domicilio na praza do Rei, núm 1, 36202, Vigo, co CIF, P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de data 13 de xuño de 2011.

E pola outra, D. Miguel Ángel Méndez Silvosa, co NIF 32 779 928-Y, en nome e representación da sociedade UNIÓN SINDICAL OBRERA (en diante, USO), con domicilio na avda. do Exército, 10, 1.ª C, A Coruña, 15006 e co CIF G-15 380 0.33

DECLARAN

1. Que se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimación para subscribir este acordo.
2. Que o obxectivo deste acordo é a colaboración entre as dúas entidades ás que representan para o desenvolvemento das prácticas do alumnado dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde do 30 de decembro de 2010 da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
3. Que ao abeiro desta orde desenvolveuse un curso de **Dinamización comunitaria**.

ACORDAN

Subscribir este acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD ao abeiro do artigo 25.2 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do artigo 80.2 k) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que establecen as competencias dos concellos en materia de promoción social e consonte coas seguintes cláusulas:

1. O alumnado non percibira cantidade económica ningunha en concepto de retribución polas actividades que poida realizar. Non existirá relación laboral, contractual ou estatutaria ningunha entre o/a alumno/a e o Concello de Vigo.
2. O período das prácticas de formación (número de días, horario, horas máximas por día...) acordarase previamente á súa realización e especificarase nun anexo ao acordo. Tamén ha de se recoller no citado anexo as datas de realización das prácticas.
O número de alumnas/os en prácticas será determinado de mutuo acordo.
A selección das/dos participantes será competencia da USO
3. Da relación das ditas prácticas profesionais non se deducirá relación laboral ningunha entre as/os participantes e o Concello de Vigo. Ao non ser unha relación de carácter laboral, de se incorporar ao remate das prácticas ao cadro de persoal, o tempo de estadía non computará para os efectos de antigüidade, nin eximirá de probas.
4. A UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO) contratará un seguro de accidentes e un seguro de responsabilidade civil co fin de garantir calquera eventualidade que puidese producirse durante a estadía, traslado ou desprazamento do/da alumno/a, ocorrido durante o período de prácticas que poida realizar. O alumnado levará unha credencial coa súa condición de alumnado en prácticas.
O Concello de Vigo non se fai responsábel dos accidentes ou enfermidades que o/a alumno/a puidese padecer no transcorrer das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a realización das ditas prácticas a persoas ou bens.
5. O Concello de Vigo nomeará un/unha titor/a para a supervisión das prácticas, quen ha estar en contacto co monitor ou monitora dos cursos en cuestión.
6. O/a monitor/a do curso será a persoa responsable do seguimento e cualificación do alumnado.

7. Cada unha das partes asinantes poderá excluír un alumno, ou grupo deles, polas seguintes causas:
- a) Faltas de puntualidade e/ou faltas de asistencia inxustificadas.
 - b) Incorrecto comportamento do/da alumno/a.
 - c) Incumprimento das tarefas que realizar ou falta de aproveitamento
- Esta decisión poderá ser tomada, tamén, de xeito individual por cada unha das partes.

O/a alumno/a aceptará que en calquera momento se lle poida requirir o abandono, definitivo ou temporal, das dependencias do concello, sen que poida esixir calquera tipo de indemnización, logo da comunicación fidedigna a USO.

8. O alumnado someterase ao segredo de profesionalidade, mediante esta cláusula de confidencialidade; non poderá dar a coñecer a outras persoas e/ou entidades datos feitos existentes no Concello de Vigo nin durante o tempo de prácticas nin tras o seu remate.
9. A duración deste acordo, que entra en vigor tras a súa sinatura, será polo tempo da realización das prácticas polo alumnado. Duración que se especifica no anexo. De o considerar as partes, e de mutuo acordo, poderase prorrogar – baixo as mesmas condicións- polo período convidado e recollido no documento asinado para o efecto.
10. O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convidado e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas. Denuncia que ha estar baseada nalgunha destas causas:
- a) Cesamento de actividades do centro docente ou do centro municipal no que se realizan as prácticas.
 - b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
 - c) Incumprimento das cláusulas establecidas, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coas actividades programadas.
 - d) Mutuo acordo entre as partes

A dita denuncia deberá ser comunicada a outra cunha antelación mínima de cinco días.

11. Para os efectos establecidos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal e lexislación complementaria, as partes asinantes comprométese ao cumprimento da súa obriga de protección, garda e segredo dos datos de carácter persoal que sexan utilizados con motivo deste acordo e adoptarán as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, difusión ou acceso non autorizado.

E en conformidade co aquí establecido asinan por triplicado este documento no lugar e na data indicados no inicio

16(1478).- TER POR DESISTIDA EXPRESAMENTE Á ENTIDADE URUGUAYOS POR EL MUNDO DA SOLICITUDE DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN QUE SE LLE OUTORGOU POR ACORDO DA XGL EN DATA 16.12.2011. EXPTE. 5652/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Participación e Atención Cidadá, do 7.11.2012, conformado polo xefe do servizo e polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: TER POR DESISTIDA expresamente é entidade Uruguayos por el Mundo da solicitude de aboamento da subvención que se lle outorgara por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/12/11, por importe de 1.026,98 €, en virtude dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva desta resolución, conforme ó disposto no artigo 71.1. da LRXAP e PAC e, en consecuencia **DECLARAR CONCLUSO** o procedemento (expte. 5652/320), ao transcorrer en exceso o prazo sinalado sen que beneficiaria presentase a documentación necesaria para a súa tramitación, que foi requirida con data do 24/05/12 (acuse de recibo de data 22/10/12).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á Asociación Galega de Lupus, nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

17(1479).- ABOAR EN CONCEPTO DE COTAS DE COMUNIDADE, Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPUBLICA ARGENTINA Nº 12-14, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO. EXPTE. 56/242.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 23.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade, á Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República Argentina nº 12-14, a cantidade de 2.216,98 euros, polo importe correspondente o mes de setembro 2012, efectuando dito ingreso na

conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse á partida 92202120005 do vixente presuposto.

18(1480).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REURBANIZACIÓN DE ESPAZOS INTERIORES NO ANTIGO GRUPO DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NAS RÚAS BUEU, MOAÑA, VILAGARCÍA E CAMIÑO DA RAPOSA NO POLÍGONO DE COIA. EXPTE. 12639/411.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 31.10.2012, conformado polo xefe do servizo de Desenvolvemento Urbanístico, e co ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 9.11.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o «Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización de espazos interiores no antigo grupo de 502 vivendas de promoción pública nas rúas Bueu, Moaña, Vilagarcía e camiño da Raposa, no polígono de Coia,», promovida polo IGVS e redactado pola arquitecta D^a Cristina Cameselle Solá con datas novembro 2010 e xullo 2012.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia.

TERCEIRO: Acordar, de acordo co artigo 77.2 da LOUGA, a suspensión de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación, significando que o mesmo confórmase polas edificacións sitas na rúas Moaña cos nº 2 a 32 e Bueu aos nº 1 a 46 e correspondentes espazos interiores, segundo a delimitación que reflicte o plano catastral INF-03, asinado pola arquitecta D^a. Cristina Cameselle Solán en novembro 2010, escala 1:1000, (Tomo “Planos” do referido Plan Especial) que será, así mesmo, obxecto da publicación referida no apartado segundo deste acordo.

CUARTO: Publicar este acordo, xunto cos documentos integrantes do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización de espazos interiores no antigo grupo de 502 vivendas de promoción pública nas rúas Bueu, Moaña, Vilagarcía e camiño da Raposa, no polígono de Coia, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Notificar o presente acordo individualmente, na forma prevista nos artigos 58 e 59 da LRXAP-PAC, a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro e, así mesmo, ao IGVS coa indicación expresa, en ambos casos, de que ao tratarse dun mero acto de trámite non é susceptible de recurso.

FORA DA ORDE DO DIA

19(1481).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PARA O ANO 2012. EXPTE. 4664/335.

